

RESPOSTAS CORRECTAS DOS CUESTIONARIOS DO CURSO: MARCO NORMATIVO DO VOLUNTARIADO EN GALICIA

Cuestionario Módulo 1: Contexto institucional do voluntariado

1. O escenario socioeconómico no que nos movemos:

Esta integrado por un sector público, un privado e un que denominamos terceiros sector

2. Son valores xenéricos do voluntariado, entre outros:

A participación e a solidariedade

3. Funcións tipo dunha persoa voluntaria serían:

Investigación, formación e reivindicación

4. Cales das seguintes non son nunca funcións do voluntariado

Substituír aos profesionais da entidade nas vacacións e baixas

5. Segundo a Lei 3/2000 do voluntariado de Galicia

A condición de persoa voluntaria nunha entidade será compatible coa condición de persoa asociada

6. Na túa opinión, qué non é nunca voluntariado:

Dar clases particulares a cambio dunha gratificación

7. Son entidades de acción voluntaria, segundo a Lei 3/2000 do voluntariado de Galicia

As legalmente constituídas e sen ánimo de lucro que desenvolven programas ou proxectos de voluntariado no marco das áreas de interese

8. O primeiro plan galego de voluntariado estivo vixente

Entre 2002 e 2005

9. A planificación estatal do voluntariado ata a actualidade

Consta de 4 plans, 1997-2000, 2001-2004, 2005-2009 e 2010-2014

10. O III Plan galego de acción voluntaria (PGAV)

Ten como principal cometido responder á realidade e aos retos do voluntariado

Cuestionario Módulo 2: Voluntariado: Marco legislativo do voluntariado

1. A carta europea do voluntariado

Foi redactada polo servizo de Volonteuropa en 1980

2. O Comité de Ministros do Consello de Europa

Recomenda aos gobernos dos Estados Membros que recoñezan o valor do traballo voluntario

3. A Asemblea Xeral de Nacións Unidas

Declara o 5 de decembro como Día Internacional da/o Voluntaria/o

4. A Lei estatal de voluntariado

Data de 1996 e é a primeira normativa específica de voluntariado en España

5. O voluntariado segundo a Lei 6/1996:

Realízase a través de organizacións privadas ou públicas

6. A Lei 6/1996 de voluntariado de España recolle como dereitos das persoas voluntarias

Ser tratadas sen discriminación

7. Son deberes das persoas voluntarias, segundo a Lei 6/1996

Rexeitar calquera contraprestación material ou económica

8. O modelo de voluntariado proposto na Lei 3/2000

Basease en proxectos de interese xeral

9. O Decreto 405/2001

Regula o rexistro de entidades de Acción voluntaria de Galicia

10. Requisitos formais das entidades de acción voluntaria son:

A inscrición no Rexistro de EAV

Cuestionario Módulo 3: Lexislación aplicable en materia de voluntariado en Galicia

1. A Lei 3/2000 do voluntariado de Galicia

Dedica o Capítulo II ás entidades de acción voluntaria e ás relacións destas coas persoas voluntarias

2. A Lei 3/2000 do voluntariado de Galicia exclúe da acción voluntaria:

As actividades desenvolvidas como consecuencia dunha relación laboral

3. A obriga de asegurar ás persoas voluntarias nunha entidade

É responsabilidade da entidade que acolle á persoa

4. Son obrigas das EAV, tanto na Lei 3/2000 vixente como no proxecto de Lei galega de acción voluntaria:

Levar un rexistro de persoas voluntarias

5. Segundo a Lei 3/2000 de voluntariado vixente e segundo o proxecto de Lei galega de acción voluntaria, o acordo ou compromiso de incorporación de PV debe recoller:

As actividades a desenvolver pola persoa voluntaria

6. No proxecto de Lei galega de acción voluntaria considéranse entidades de acción voluntaria:

As legalmente constituídas, que sen ánimo de lucro desenvolven proxectos en áreas de interese xeral

7. Entre as obrigas que o texto do proxecto de Lei galega de acción voluntaria atopamos:

Elaborar unha memoria anual de voluntariado

8. Segundo o texto do proxecto de Lei galega de acción voluntaria:

As persoas menores de idade poderán participar en programas de voluntariado adaptados ás súas características

9. A inscrición no rexistro de entidades de acción voluntaria de Galicia, segundo o proxecto de Lei galega de acción voluntaria:

É obrigatorio para poder recibir subvencións das administracións públicas galegas

10. O proxecto de Lei galega de acción voluntaria establece que a formación se realizará:

Por persoas de recoñecida competencia

